



Boletín de Medio Ambiente

Illas Sisargas

Concello: Malpica de Bergantiños

Características: son un pequeno arquipélago que se atopa fronte Malpica, na Costa da Morte. Formado por tres illas: Sisarga Grande, Sisarga Moza e Malante, e unha serie de illotes como Chalreu e Xoceiro. As illas son na súa maioría de natureza escarpada, o que propicia que na Sisarga Grande haxa numerosos cantíis.

Curiosidades: As illas están declaradas Zona ZEPA dentro do LIC Costa da Morte – Rede Natura 2000. A riqueza ornitolóxica das illas queda patente nas numerosas colonias de aves mariñas, como a gaivota sombría, a gaivota tridáctila ou a gaivota patiamarela.



Noticias

A pegada do Prestige persiste

En pouco máis dun mes cumprírase o 15 aniversario da grave catástrofe ambiental que supuxo a vertedura de cru do buque Prestige na costa galega, e en determinadas zonas da costa aínda quedan pegadas da vertedura.

Na escarpada costa do Concello de Oia, na provincia de Pontevedra, cando baixa a marea pódense ver manchas de chapapote nas rocas. Aínda que non afecte as zonas de marisqueo, os restos de cru afectan os recursos mariñeiros e turísticos da zona.

Percebeiros da zona mesmo din poder diferenciar manchas do chapapote que expulsou o petroleiro Polycommander en 1970, cando encaiou preto das Illas Cíes.

Fonte: La Voz de Galicia

Máis da metade de Galicia en alerta por seca

A Xunta declarou o nivel de alerta na demarcación hidrográfica do Miño-Sil tras afrontar o “ano máis seco da historia” no que as choivas rexistradas quedaron nun 40% por baixo da media e en 6 das 18 zonas que integran a demarcación hidrográfica de Galicia-Costa, que se manteñen desde hai meses cun caudal tamén inferior ao 50%.

No entanto, de momento non terá ningún efecto inmediato sobre a cidadanía. Si non que se racionalizarán os recursos mediante un uso adecuado: modificaranse as normas de explotación dos encoros e o réxime de caudais, aumentando a vixilancia nas concesións para o regadío nas zonas máis afectadas.

Fonte: El País

A última moda: supra-reciclaxe de residuos

O supra-reciclaxe, ou 'upcycling' na súa denominación inglesa, consiste na transformación de residuos ou produtos vellos noutros produtos de igual ou maior calidade.

Diferénciase da reciclaxe en que na reciclaxe téntase recuperar a materia prima, mentres que o supra-reciclaxe busca darlle ao mesmo obxecto un uso distinto. Exemplos do éxito desta tendencia: monturas de lentes a base de antigas trampas de lagostas, bandeirolas de festas a partir da reciclaxe de paraugas rotos, palés vernizados ou pintados como bases de camas, e botellas baleiras de vidro como floreiros ou para crear novas lámpadas. A imaxinación é o límite.

Fonte: La Vanguardia

A comida tamén se extingue

As especies de animais non son as únicas que se atopan en perigo de desaparición, ao redor do mundo hai 940 especies cultivables que se atopan en risco.

Cultivos tan consumidos como son as patacas, o cacao ou o café poderían desaparecer nuns anos. Debido ao cambio climático predícese que o 22% das variedades salvaxes de patacas extinguiránse. Colleitas de café en Tanzania baixaron un 50%, e en Gana e a Costa do Marfil, onde crece o 70% do cacao utilizado para producir o chocolate que se consome no mundo, si as temperaturas soben en dous graos centígrados, tal e como se predice que farán, as árbores do cacao non poderán sobrevivir.

O Panel Intergubernamental para o Cambio Climático predice que o cultivo de comida verase reducido nun 2% cada década, á vez que a demanda por alimentos crecerá un 14% ata 2050. E estímase que preto do 33% das terras de cultivo degradaranse, perdendo os nutrientes necesarios para plantar cultivos.

Fonte: The Guardian

Os problemas que nos traerá a mala saúde do planeta

A saúde do ser humano alcanzou as cotas máis altas da historia. O planeta onde vivimos, con todo, coñeceu épocas mellores. O benestar que logramos nos últimos séculos desgastou a nosa contorna ata o punto de que todo o conseguido pode derrubarse.

Un exemplo son os éxitos da Ciencia contra a malaria e a sida. A mortalidade da primeira baixou un 60% desde o ano 2000. A segunda pasou de ser unha sentenza de morte a unha doenza crónica. Con todo, a polución xa causa case cinco veces máis falecementos que as dúas xuntas. A saúde non debe ser só unha disciplina médica, senón estar presente noutras.

O problema é que o ser humano só fai algo cando o problema xa está aí e, en ocasións, é case insalvable. Por iso se propón ser máis ambiciosos en diante. Por exemplo, sábese que no ano 2030 dous terzos da humanidade vivirá en cidades e como se constrúan será clave para que o planeta sexa sustentable: só necesítase construír espazos verdes que absorban os gases que as urbes xeran, deseñar espazos polos que a xente poida andar.

Fonte: El País

Sabías que...

Para producir un vaso de leite necesítanse 200 litros de auga? E que para producir un par de zapatos de pel utilízanse 8.000 litros de auga? A auga é un recurso natural moi importante e necesario para que todos os seres vivos do planeta poidan subsistir. Coidémola!

Cinco quilos de lixo menos en San Fins

A Sociedade Histórica e Cultura Coluna Sanfins foi a encargada de levar a cabo a iniciativa de educación e voluntariado ambiental. Procedeuse a retirar fundamentalmente “bolsas de plástico, pero non son de agora, son de hai tempo e xa estaban todas desfeitas”.

Paralelamente á limpeza, aproveitouse para tomar mostras da calidade da auga do río: tomaron analíticas de PH, osíxeno, nitratos e invertebrados, comprobando así a boa calidade da auga. O segundo paso desta iniciativa será reforestar a zona. Procederáse á eliminación de eucaliptos e outras plantas exóticas para colocar no seu lugar árbores autóctonas.

Fonte: La Voz de Galicia

Unha nova vida á praia

Os pneumáticos, botellas e tubaxes forman parte da paisaxe da praia de Insuela de Palmeira, no Concello de Ribeira. A estrada está salpicada de fochancas, desniveis e mal asfaltada, as malas herbas campan ás súas anchas polos bordos da estrada entre uns bancos de pedra que serven de privilexiado miradoiro sobre a ría, pero o goberno local quere recuperala.

O Concello xa presentou unha proposta para renovar o asfaltado, actuación a cargo do plan Único da Deputación provincial. Aínda que o máis importante será a construción dunha senda litoral que está previsto que discorra entre a zona da Cambra e Río Azor. O obxectivo é recuperar a contorna natural e darlle unha nova vida á praia.

Fonte: La Voz de Galicia

Carril bici entre A Mariña e A Pasaxe

O Concello da Coruña e a Deputación financiarán as obras do carril bici que percorrerá o litoral da cidade desde a Mariña ata a ponte da Pasaxe. O Concello sacou a licitación a obra cun orzamento de 1,49 millóns de euros, 1,1 millóns financiados pola Deputación provincial. Está previsto que as obras comecen en 2018 e que se realicen nun prazo de 6 meses.

Os 5,3 quilómetros de carril bici disporán de zonas exclusivas para ciclistas en determinadas zonas, noutras compartirá o trazo con peóns e vehículos.

Fonte: La Opinión de Coruña

Axenda Ambiental

- 3/10/2017 – 5/10/2017 European Utility Week 2017. Ámsterdam.
- 3/10/2017 – 5/10/2017 XVI Congreso Nacional de Acuicultura. Zaragoza.
- 4/10/2017 - 5/10/2017 Empresas, biodiversidade e capital natural: Ambicións, riscos e oportunidades. Frankfurt.
- 5/10/2017 Xornada técnica ECOPÁS'17: Seguemento e control de especies invasoras (EEI). Madrid.
- 7/10/2017 – 8/10/2017 II Encontro Internacional de Basuras Mariñas. Oleiros.

Deputación da Coruña

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente

Email: desenvolvemento.territorial@dacoruna.gal